

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS Expdte: 17-2016. Lectura informe técnico e apertura sobres C.-----

Sendo as 13:30 horas do día 5 de agosto de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe de contratación, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- dona Jesús Gandoy Cerceda, adxunto de sección do servizo de contratación, actuando como Secretario.
- dona Elva Anido Anido, Interventora accidental do Concello de Lugo.
- dona Ana Rosa Pérez García, Técnico do servizo de servizos sociais.
- dona Carmen Flores Pardo, Xefa do servizo de medio ambiente, actuando como asesora xurídica.

Asisten tamén o acto dona Alejandra Díaz, en representación da empresa SERVIPLUS TOTAL,S.L., don Víctor Fernández, en representación da empresa Alenti, Soluciones para eventos, s.l.u. e don José Luis Gil, en representación de A Billarda, S.L.

O Secretario da mesa informa ós presentes da existencia do informe técnico solicitado ós servizos de contratación e intervención para levar a cabo a valoración das ofertas presentadas en dito procedemento de contratación, relativo aos criterios non avaliábles automaticamente, dito informe transcríbese literalmente:

“ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS (EXPTE. REF 17-2016). VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN (CRITERIOS NON AVALLABLES AUTOMATICAMENTE).

A mesa de contratación do Concello de Lugo, reunida en sesión celebrada o día 18 de xullo de 2016, acordou solicitar un informe técnico dos servizos de contratación e intervención para levar a cabo a valoración das ofertas presentadas no procedemento de contratación da prestación integral das actividades de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais, no relativo aos criterios non avaliábles automaticamente.

Segundo establece a cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, estes criterios non avaliábles automaticamente son os seguintes:

CALIDADE NO EMPREGO (ata 10 puntos) desglosado como segue:

Valorarase cun máximo de 10 puntos as proposicións dos licitadores que impliquen unha mellora nas condicións laborais e salariais que mellore o disposto no Estatuto dos Traballadores e no seu caso no II Convenio marco estatal de ocio educativo e animación sociocultural (que se menciona aquí exclusivamente a

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Ref: acta lect inf tecnic e apert sobres C

Asunto:

estes efectos) e se comprometa a empresa licitadora a aplicar ao persoal que executará o contrato . A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Mellora das condicións salariais dos traballadores adscritos á execución do contrato (5 puntos). Valorarase este apartado en función do incremento retributivo que a mellora proposta supoña para os traballadores adscritos á execución do contrato.
- Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato (5 puntos). Valorarase neste apartado as propostas que supoñan unha mellora real nas condicións laborais dos traballadores /as adscritos á execución deste contrato. Non se avaliarán as melloras que simplemente recollan declaracións xerais de boas prácticas ou intencións ou que simplemente garantan o cumprimento de obrigas legais ou regulamentarias que xa corresponden á empresa.

Para a súa valoración a empresa licitadora deberá presentar unha proposta técnica que detalle as condicións laborais concretas e as melloras específicas.

No procedemento de licitación tomaron parte e foron admitidas as seguintes empresas:

- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L
- A BILLARDA S.L
- GAME SPORT GESTIÓN SERVICIOS S.L
- SERVIPLUS TOTAL S.L

Tras a apertura dos sobres B, as súas proposicións son as seguintes:

1. ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L presenta as seguintes propostas:

- 1.1. Mellora das condicións salariais dos traballadores/as adscritos á execución do contrato. ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L non realiza ningunha oferta neste apartado.
- 1.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato. ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L oferta a contratación dunha póliza de accidentes colectiva cos capitais que sinala no proxecto de seguro.

2. A BILLARDA S.L presenta as seguintes propostas:

- 2.1. Mellora das condicións salariais dos traballadores/as adscritos á execución do contrato. A BILLARDA S.L realiza a seguinte oferta neste apartado:
 - Aboamento dun plus anual de 1.000 euros (custo empresarial total) a aqueles monitores que teñan unha especial cualificación para poder realizar os talleres así como a aqueles monitores que superen o ratio de usuarios.
 - Plus de nocturnidade dende as 21:30 horas ata as 6:00 horas en lugar das 22:00 horas a 6:00 horas que marca o Convenio Colectivo no seu artigo 41.
- 2.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato. A BILLARDA S.L realiza as seguintes ofertas neste apartado:
 - 2.2.1. Medidas de formación:
 - flexibilidade horaria para a realización de estudos e obtención de títulos académicos e profesionais;
 - beca para formación anual en estudos oficiais superiores por importe de 500 euros;
 - formación para todos os traballadores vinculados a este contrato en materia de igualdade, primeiros auxilios e prevención de riscos laborais cun total de 1.500 horas para todos os traballadores e un custo total de 3.000 euros.

2.2.2. *Medidas de igualdade e conciliación:*

- *Contratación de persoal para cubrir ausencias de empregados/as con redución de xornada por coidado de menores, de excedencias por coidade e demais situacións de conciliación da vida familiar, laboral e persoal.*
- *Permiso dunha semana aos pais traballadores, sempre que tiveran, polo menos, 15 días de permiso cedido de maternidade.*
- *Permiso retribuído nos casos de consulta médica do traballador/a ou familiares ata 2ª grao.*
- *Ausencia do traballo do futuro pai para asistencia a exames prenatais e técnicas de preparación ao parto que deban realizarse dentro da xornada laboral.*
- *Cobertura de vacantes, sempre que sexa posible, con vítimas de violencia de xénero.*

2.2.3. *Odeación do posto e do tempo de traballo:*

- *Non trasladará aos traballadores a un centro que supere un radio de 30 quilómetros.*
- *O persoal con fillos/as con discapacidade física, psíquica ou senosrial terá 2 horas de flexibilidade diaria, previa xustificación da necesidade, a fin de conciliar horarios.*
- *Posibilidade de acumulación de horas de lactancia.*
- *Permiso de 16 días por matrimonio, 2 días por matrimonio dos fillos/as e 2 días por matrimonio dos pais/nais.*
- *Posibilidade de 15 días de permiso non retribuído ao ano.*
- *O traballador acollido a unha excedencia poderá optar a outra transcorrido só un ano de traballo efectivo despois de esgotar a anterior.*

2.2.4. *Medidas de asesoramento aos traballadores/as.*

2.2.5. *Dotación de medios materiais para un mellora desenvolvemento do posto de traballo.*

- *Teléfono móbil de empresa para o coordinador/a (200 € e tarifa de 25 €/mes)*
- *Ordenador para o servizo (200 €)*

2.2.6. *Dereitos sindicais (ampliación do número de horas mensuais retribuídas a 30).*

2.2.7. *Medidas para a integración do traballador/a na empresa dunha maneira holística: participación dos fillos/as dos traballadores/as no supercampamento Lugo.*

3. GAME SPORT GESTIÓN SERVICIOS S.L presenta as seguintes propostas:

- 3.1. *Melloras salariais dos traballadores/as adscritos á execución do contrato. Non presenta oferta neste apartado.*
- 3.2. *Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato. GAME SPORT GESTIÓN SERVICIOS S.L realiza as seguintes ofertas neste apartado:*
 - *Xornada de convivencia anual entre os traballadores e as súas familias para incidir na boa conciliación da vida laboral e persoal, consistente nunha saída á natureza, actividades de aventura e xogos team building..*
 - *Aportacións periódicas a un plan de pensións para o traballador (10 €/trimestre)*

4. SERVIPLUS TOTAL S.L presenta as seguintes propostas:

- 4.1. *Melloras salariais dos traballadores/as adscritos á execución do contrato. Oferta unha subida do 3,5% anual do salario dos traballadores.*

CONTRATAÇÃO, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecnic e apert sobres C

Asunto:

4.2. *Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato. SERVIPLUS TOTAL S.L realiza as seguintes ofertas neste apartado:*

4.2.1. *Excedencias:*

- *Excedencias voluntarias: aumento ata 5 anos de excedencial*
- *Excedencias por coidado dun fillo/a: excedencia de ata 4 anos por coidade dun menor de 14 anos.*
- *Excedencias por coidado dun familiar: aumento de dous anos mais (de 2 a 4 anos).*

4.2.2. *Licenzas e permisos de maternidade e paternidade:*

- *Aumento a 18 semanas do permiso de maternidade e paternidade. 8 semanas despois do parto e 10 a repartir co pai ou collelas mais tarde.*
- *Días de permiso de paternidade: aumento de 2 días no permiso de paternidade (de 13 a 15 días).*

4.2.3. *Adaptación ou reasignación de servizos e horarios.*

- *Readaptación do posto de traballo no caso de incompatibilidade do seu posto por enfermidade ou embarazo.*
- *Aumento de 3 a 4 xornadas de licenza retribuída ao ano para permisos para exames oficiais, prenatais ou de preparación ao parto.*

4.2.4. *Medidas de inserción sociolaboral. A empresa comprométese a empregar laboralmente, no caso de novas contratacións, baixas, substitucións e vacacións que se precisen, a unha porcentaxe do 100% de persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, empre e cando reúnan os requisitos precisos.*

4.2.5. *Plan de formación: 60 horas anuais, de libre disposición, por traballador, para realizar cursos específicos organizados pola empresa.*

CONCLUSIÓNS

Unha vez analizadas tódalas proposicións, realizase a puntuación de cada empresa tendo en base aos seguintes criterios:

Distínguense as melloras salariais do resto de melloras laborais, outorgando 5 puntos a cada apartado, posto que así o describe o criterio da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas particulares. Terase en conta no caso das melloras salariais o incremento retributivo que supoña para cada traballador. No caso das outras melloras, tense en conta tanto o número de medidas concretas así como a incidencia e repercusión das mesmas nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato, descartándose aquelas que non se consideren medidas que melloren as condicións ou que supoñan medidas obrigatorias por lei ou convenio, tal e como se indica no análise realizado de cada unha das melloras presentadas. Outorgase a máxima puntuación á mellor oferta e as restantes avalíanse proporcionalmente ao seu número e importancia.

Propóñense finalmente as seguintes puntuacións:

	Melloras salariais	Melloras laborais	TOTAL
ALENTI	-	0,31	0,31
A BILLARDA	0,5	5	5,5
GAME SPORT	-	0,62	0,62
SERVIPLUS	5	2,79	7,79
TOTAL			

Así pois, a continuación procédese á apertura dos sobres C, que conteñen a oferta económica, co seguinte resultado:

1.- A BILLARDA, S.L., que oferta os seguintes prezos unitarios sen IVE:

- Propón como prezo para as **actividades de ocio e tempo libre** incluídas na programación de animación sociocultural **12,07 euros/hora**.
- Propón como prezo para a prestación das **tarefas de atención e dinamización sociocultural: 8,40 euros/hora**.
- Propón un **prezo por excursión de 1 euro**.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- **1 hora** anual para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- **400 horas** anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural.

Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

2.- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U., que oferta os seguintes prezos unitarios, sen IVE:

- Propón como prezo para as **actividades de ocio e tempo libre** incluídas na programación de animación sociocultural **11,46 euros/hora**.
- Propón como prezo para a prestación das **tarefas de atención e dinamización sociocultural: 8,00 euros/hora**.
- Propón un **prezo por excursión de: 180 euros**.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- **20 horas anuais** para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- **600 horas anuais** para o servizo de atención e dinamización sociocultural

Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecnic e apert sobres C

Asunto:

Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

3.- GAME SPORT GESTION DE SERVICIOS, S.L., que oferta os seguintes prezos unitarios, sen IVE:

- Propón como prezo para as **actividades de ocio e tempo libre** incluídas na programación de animación sociocultural **11,90 euros/hora**.
- Propón como prezo para a prestación das **tarefas de atención e dinamización sociocultural: 8,75 euros/hora**.
- Propón un **prezo por excursión de 470 euros**.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- **76 horas anuais** para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- **80 horas anuais** para o servizo de atención e dinamización sociocultural.

Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

4.- SERVIPLUS TOTAL, S.L., que oferta os seguintes prezos unitarios, sen IVE:

- Propón como prezo para as **actividades de ocio e tempo libre** incluídas na programación de animación sociocultural **10,90 euros/hora**.
- Propón como prezo para a prestación das **tarefas de atención e dinamización sociocultural: 8,50 euros/hora**.
- Propón un **prezo por excursión de: 350 euros**.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- **300 horas anuais** para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- **300 horas anuais** para o servizo de atención e dinamización sociocultural

Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración".



Así pois quedaría resumidas as puntuacións no seguinte cadro:

	EMPRESA	Ocio libre t.	At. dinamizacion	excursion	Horas ocio libre t.	h. atenc dinamizac	TOTAL
1	A Billarda, s.l.	0,25	16,67	10,00	0,05	10,00	36,97
2	Alenti Sol para eventos, s.l.u.	15,76	30,00	6,27	1,00	15,00	68,03
3	Game Sport Gestión de servicios, s.l.	4,58	5,00	0,22	3,80	2,00	15,60
4	Serviplus Total, s.l.	30,00	13,33	2,72	15,00	7,50	68,55

Á vista das puntuacións obtidas tanto nos sobres (B) das ofertas técnicas valoradas polo servizo de intervención, así como as obtidas nos sobres C (ofertas económicas), as PUNTUACIONES FINAIS quedarían do seguinte xeito:

EMPRESAS	SOBRES B (CRIT NO AUTOMÁTICO)	SOBRES C (CRIT AUTOMÁTICO)	TOTAL PUNTOS
A BILLARDA, S.L.	0,31	36,97	37,28
ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U.	5,50	68,03	73,53
GAME SPORT GESTION SERVICIOS, S.L.	0,62	15,60	16,22
SERVIPLUS TOTAL, S.L.	7,79	68,55	76,34

Sen mais que manifestar, a mesa de contratación feitas as valoracións necesarias e concluíndo que as ofertas das empresas non se atopan en situación de baixa temeraria acorda seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello de Lugo a presentada pola empresa: **SERVIPLUS TOTAL, S.L.**



CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecnic e apert sobres C

Asunto:


E conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

Lugo, 8 de agosto de 2016.


O PRESIDENTE DA MESA



Asdo: Xosé M. Cao Rei



O SECRETARIO DA MESA



Asdo: Jesús Gandoy Cerceda